



ACTA DA SESIÓN CELEBRADA POLO PLENO DO CONCELLO O DÍA VINTE E OITO DE ABRIL DE 2021, CON CARÁCTER ORDINARIO

SRES/AS ASISTENTES:

Presidente:	D. CARLOS MARTÍNEZ CARRILLO
Concelleiros/as	D. MANUEL COSTA CARNEIRO
	D. JOSÉ MANUEL GONZÁLEZ COUTO
	D ^a . MARÍA SUSANA GARCÍA LEMA
	D ^a . DIANA VARELA BARREIRO
	D. ENRIQUE VÁZQUEZ MARTÍNEZ
	D. JUAN MANUEL CERNADAS MÉNDEZ
	D. JOSÉ CALDELAS GONZÁLEZ
	D ^a . MARÍA BEATRIZ AMENAL JUNQUERA
	D ^a . RAQUEL SANGIAO DURÁN
	D. CARLOS GARCÍA CUTRÍN
	D. JOSÉ ANTONIO POSE RODRÍGUEZ
	D ^a . YOLANDA VIEIRO CEBEIRO
Secretario	D. CARLOS J. MÉNDEZ-LOSADA ABALO

Na Casa do concello de Vedra, sendo as vinte e unha horas do día vinte e oito de abril de dous mil vinte e un, baixo a presidencia do Sr. Alcalde-Presidente, don Carlos Martínez Carrillo, réunese en sesión ORDINARIA o PLENO DO CONCELLO, figurando os membros do mesmo ao comezo desta acta.

Declarado aberto o acto pola Presidencia seguidamente pasan a tratar os asuntos incluídos na seguinte

ORDE DO DÍA

1º.- Aprobación, se procede, de actas de sesións anteriores. (24/03/2021)

Dáse conta da acta da sesión plenaria celebrada o día 24/03/2021. Dona Beatriz Amenal, do PSdeG-PSOE, di que a acta colgada na web municipal non está completa.

O Sr. Secretario responde que se debeu a un erro de escaneamento.

A Presidencia di que queda pendente para a próxima sesión do pleno.

2º.- Dar conta da Resolución do Tribunal Administrativo de Contratación Pública da Comunidade Autónoma de Galicia (TACGAL) e anulación de expediente de contratación da prestación do servizo de axuda no fogar do Concello de Vedra. (Expdte. Núm. 2020/C004/000002).

A Presidencia di que están pendentes dos informes técnicos e hai que retiralo da orde do día para discutilo cando cheguen os informes correspondentes. Se chegan nos próximos días, convocarase un pleno extraordinario para non retrasar máis estes temas.

3º.- Aprobación, se procede, dos pregos e do novo expediente de contratación da prestación do servizo de axuda no fogar do Concello de Vedra. (Expdte. Núm. 2020/C004/000002).



A Presidencia di que están pendentes dos informes técnicos e hai que retiralo da orde do día para discutilo cando cheguen os informes correspondentes. Se chegan nos próximos días, convocarase un pleno extraordinario para non retrasar máis estes temas.

4º.- Acordo, se procede, de moción do Grupo Municipal do BNG para eliminar dos procesos de selección de persoal municipal as entrevistas persoais non escritas.

Dáse conta da citada moción presentada polo Grupo Municipal do BNG na que expoñen que á vista das intervencións recollidas na acta da sesión ordinaria do pleno do mes de febreiro, respecto do acceso ao emprego público no concello.

Á vista da excepcional sensibilidade que demostra o PP fronte o inxusto dos procesos de selección de persoal mediante entrevista persoal, solicítase ao pleno o apoio para a aprobación do seguinte acordo:

Oficializar a eliminación nos procesos de selección de persoal municipal (en calquera das súas categorías, incluídas as seleccións de persoal para obradoiros) da “entrevista persoal” non escrita, ou calquera outra proba a viva voz, recollendo a citada eliminación nun regulamento municipal.

A Presidencia realiza unha proposta para incluír nun decreto.

O Sr. Pose Rodríguez, do BNG, di que a Presidencia contestou que o grupo de goberno eliminou ese problema de raíz cando eliminou as entrevistas persoais. Di que o grupo de goberno non quere facer unha regulamentación municipal, senón un Decreto de Alcaldía.

Pregunta para que vale un acordo plenario se pode ser incumplido ao día seguinte e non se cometería unha ilegalidade.

Sinala que se o grupo de goberno quere cumprir co que di, solicita que se recolla esa prohibición a través dun regulamento municipal que regule as tipoloxías das probas que se realicen no concello.

Solicita o apoio para oficializar a eliminación nos procesos de selección (en calquera das súas categorías, incluídas as seleccións de persoal para obradoiros) da “entrevista persoal” non escrita, ou calquera outra proba a viva voz, recollendo a citada eliminación nun regulamento municipal.

A Presidencia di que xa deixou clara a postura do grupo de goberno na comisión informativa e nos feitos destes cinco últimos anos. Están de acordo no fondo co que expón o BNG, e así o están xa facendo. Cre que non fai falta que estea nun regulamento, nin sequer nun decreto ou nun acordo de xunta de goberno.

Xa o están facendo e facer unha acusación velada de que se non se aproba nun regulamento, poden incumplir a palabra, non lle parece xusto.

O grupo de goberno leva cinco anos nos que manteñen a palabra que deron no seu momento, como constatan os feitos. Non se realizan entrevistas persoais, e se coincidía que algunha administración impoñía a obriga de facela (caso dos obradoiros de emprego) faríanse por escrito.

A proposta do grupo de goberno é poñer por escrito a súa proposta a través dun Decreto de Alcaldía ou acordo de Xunta de Goberno, que é público, dicindo que o Concello de



Vedra en todos os proceso de selección que realice e dos que sexa responsable en relación a calquera categoría e tipo de persoal municipal propio, non realizará entrevista persoal ou calquera outra proba a viva voz, tal e como se vén facendo de facto dende hai máis de cinco anos. De tratarse dun proceso selectivo do que se beneficie o concello, ben subvencionado ou dependente dunha administración diferente, que esixa nas súas bases calquera tipo de entrevista persoal e sempre e cando sexa o concello o responsable formal de facer a selección, a entrevista persoal farase por escrito e gardarase copia da mesma.

Adquire en Pleno, o compromiso de que na próxima semana vai ditar un decreto con este texto ou ratificalo na próxima Xunta de Goberno, co cal é público e notorio para todos. Entende que para isto non é preciso facer un regulamento, e poderíase mirar de incluír isto nas bases do próximo orzamento municipal.

Se o BNG insiste en que sexa nun regulamento municipal, o grupo de goberno votará en contra da moción. Independentemente do que se vote na moción, adquire o compromiso de para a semana ditar ese Decreto, publicalo e posteriormente se hai que ratificalo en Xunta de Goberno ou introduciilo nas bases de execución do orzamento municipal, farase.

O Sr. Pose Rodríguez, do BNG, dille que o seu compromiso tenlle demostrado que non vale para nada, como mostran as mocións presentadas polo BNG ás que votaron a favor e despois non cumpriron.

Dona Beatriz Amenal, do PSdeG-PSOE, di que o seu grupo vaise abster, porque se ben é certo que houbo algunha moción aprobada que non se levou a cabo, tamén é certo que se hai cinco anos sen realizar entrevistas persoais, cre que é suficiente compromiso e disto vai quedar constancia na acta.

A Presidencia di que un regulamento tamén se pode cambiar. Repasará as mocións que presentou o BNG para comprobar se o grupo de goberno incumpriu o 99 % das mesmas.

O Sr. Pose Rodríguez, do BNG, solicita que xa que vai revisar as mocións, que as traia a Pleno e faga público os resultados. Tamén di que un regulamento se pode cambiar, pero ten que ser con acordo plenario.

Posta a votación a citada moción, rexéitase con oito votos en contra do PP, dous votos a favor do BNG e tres abstencións do PSdeG-PSOE.

5º.- Contestación ás preguntas formuladas en plenos anteriores.

-- Ás preguntas formuladas por dona Beatriz Amenal no pleno do mes de febreiro, do PSdeG-PSOE, a Presidencia contesta:

1º.- Respecto da mesa de negociación, di que é unha opinión que non comparte.

2º.- Sobre o servizo de limpeza, consultados os expedientes, ese contrato rematou o 30 de novembro e non viu nada da prórroga a cal xa estaría terminando agora, a Presidencia di que o contrato está en proceso de licitación e rematará nestes días o proceso.



En canto aos números que mostra, di que hai que facelos en contías anuais, e no caso do CPI de Vedra non contempla que a un traballador municipal se lle pagan 12 meses, con vacacións, días de asuntos propios, etc. con outros custes salariais que non reflicte como o fondo social que incrementan os custes anuais aos concellos.

A empresa contrata o persoal os meses concretos que fan a limpeza nos centros educativos, por tanto dende ese punto de vista os números non están ben feitos. Tampouco contempla as posibles incidencias que poidan pasar cos traballadores municipais, como baixas laborais. Nese caso habería que contratar a unha empresa para cubrir esa baixa. É un compoñente que encarece a prestación do servizo. Por convenio colectivo, en caso de baixa laboral, aos traballadores municipais, a tesourería xeral da seguridade social non cobre o 100% da baixa, e o concello asume ese custe ata completar ata o 100%. Se está licitado a unha empresa iso non sucede, xa que a empresa ten que asumir os problemas de baixas laborais, folgas, etc.

Tampouco contempla os custes de subministración de materiais de limpeza, maquinaria, etc. que si van incluídas na licitación.

A Presidencia di que os números se deben facer en cómputo anual e comparalos en circunstancias laborais iguais. A portavoz do PSdeG-PSOE tampouco contemplou este ano o incremento do servizo pola COVID. O convenio laboral do concello marca 37,5 horas semanais, e polo tanto no ano 2020 xa habería en todo caso que subcontratar persoal externo porque esas horas non chegan para cumprir cos protocolos COVID.

En definitiva, está convencido que non vai supoñer un encarecemento a externalización do servizo de limpeza, ao contrario, cre que vai ser unha mellor xestión dos recursos públicos, máximo cando se están a incrementar os servizos de limpeza. Cando o PP chegou á alcaldía, as escolas unitarias só se limpaban dous días á semana, e aumentouse a tres; a día de hoxe límpanse os cinco días da semana. Este ano aumentouse polo tema da COVID e agora non van volver reducir os días de limpeza.

3º.- Respecto a se a igrexa católica inscribiu algún ben no concello de Vedra no período 1998-2015 grazas á reforma da lei hipotecaria levada a cabo polo goberno de Aznar, A Presidencia contesta que falado este tema cun membro do despacho que leva as cuestións da igrexa, díxolle que fixera a consulta directamente ao Arcebispado, e así o fará.

-- Ás preguntas de dona Raquel Sangiao, do PSdeG-PSOE, a Presidencia contesta:

1º.- Sobre a resolución das axudas ao transporte e ensino escolar, a Presidencia di que solicitaron un informe ao delegado de protección de datos e no mesmo di que o concello non cometeu ningunha irregularidade nese aspecto concreto. En calquera caso, toman nota para vindeiras ocasións.

-- Ás preguntas do Sr. Pose Rodríguez, do BNG, a Presidencia contesta:

1º.- Respecto ao parque de bombeiros, di que xa faláron na xunta de voceiros.

2º.- Sobre a vacinación dos veciños no centro de saúde do concello, di que non hai ningún problema técnico, simplemente é o plan de vacinación o que establece os centros de referencia.



3º.- Respecto a que dende o concello se pida a Medio Rural a localización das parcelas de viñado, contesta que xa o solicitou.

4º.- Sobre o obradoiro de emprego Vedra-Touro-O Pino-Boqueixón, a Presidencia di que o concello de Vedra nese obradoiro é unha entidade colaboradora. Existe un concello que lidera o obradoiro, neste caso Boqueixón, que é a entidade promotora e a que ten a obriga de facer os trámites, fai a selección e é onde hai que reclamar. Cónstalle que xa lle responderon a esa persoa de Vedra.

5º.- Respecto máquina de asfaltado, o marcado CE ou no seu caso a adaptación ao regulamento do 1215 de 1997 de maquinaria, contesta que están con iso.

6º.- Sobre a moción que presentou o BNG no ano 2016, di que é unha opinión.

-- Ás preguntas de dona Yolanda Vieiro, do BNG, a Presidencia contesta:

1º.- Sobre o cruce de Sarandón, di que o concello xa falou coas dúas administracións implicadas e é un problema que non ten unha solución fácil, salvo que expropian as vivendas que hai no cruce, o cal dificulta máis esa solución.

Teñen solicitado á Deputación que se redacte o proxecto de ampliación dese tramo de estrada ata a Ponte de Sarandón, e nese proxecto é onde se poderá ver a solución para ese cruce.

2º.- Respecto a se a ampliación da anchura da estrada A Gaiosa-Ponte de Sarandón, traía unha senda peonil, a Presidencia contesta que na reunión mantida co Presidente da Deputación foi un dos compromisos acadados e xa están na redacción dese proxecto. De feito, por parte do concello cando se conseguiron os terreos para a ampliación da estrada, xa se fixo pensando nesa zona e vaise facer unha senda dos dous lados nos tramos máis urbanos. A Deputación adquiriu o compromiso de faxer os proxectos para que se execute esa obra no ano 2022,

3º.- Sobre o arquivo dixital, a Presidencia di que coa Deputación houbo un par de reunións para facer o arquivo dixital, pero non está operativo. O que si existe é un arquivo físico que está dentro do programa Xaral da Xunta de Galicia.

Tamén existe unha dixitalización de parte das actas de sesións plenarias e unha serie de documentación pero aínda non está con acceso ao público e non hai ningunha empresa que o manexe.

4º.- Respecto a se os plenos se poden ver en directo por streaming, cédelle a palabra ao Sr. Cernadas Méndez, que di que agora non hai streaming. Existe un canal de youtube para retransmitir os plenos en directo. Está a piques de rematar o tema de loxística e cre que para o pleno de maio xa estará operativo e subirá o vídeo.

En canto ao da páxina, estase a cambiar o servidor a .gal e nuns días estará todo operativo e existirá un enlace na páxina principal para o acceso ao youtube en directo. Os vídeos sóbense á páxina de youtube en 24/48 horas.

Ás preguntas formuladas no pleno de marzo, a Presidencia responde:

-- Ás preguntas de dona Beatriz Amenal, do PSdeG-PSOE, a Presidencia contesta:



1º.- Respecto ás Resolucións de Alcaldía de procedementos de sanción por infraccións de medidas sanitarias da COVID-19, a Presidencia di que o concello recibiu un total de trinta e unha propostas de sanción por parte da Garda Civil por infraccións de medidas sanitarias da COVID 19.

Oito das cales non foron tramitadas polo concello, por non ser este o organismo competente para sancionar por incumprimento do peche perimetral, son remitidas entón á Xefatura Territorial da Consellería de Sanidade da Xunta de Galicia.

As restantes denuncias son sancións por non portar máscaras entre persoas non conviventes e o incumprimento das distancias de seguridade, excepto unha, que é a proposta de sanción a un local que permanecía aberto ao público como bar cando non estaba permitido.

Impúxoselles unha sanción de cen euros ás persoas que incumpriron as normas de distancia de seguridade e de portar obrigatoriamente a máscara en reunións con non conviventes, e unha sanción de tres mil seis euros ao local que permanecía aberto ao público.

Estas sancións terían unha redución do 50% se se procede ao seu pagamento no prazo de quince días dende que recibe a notificación da infracción.

Ata a data, rexistráronse trece ingresos correspondentes ás sancións impostas.

2º.- Sobre a limpeza das cunetas, a Presidencia cédelle a palabra ao Sr. Vázquez Martínez que di que a día de hoxe están rozando as cunetas nas parroquias, tal e como fan todos os anos, nas pistas asfaltadas. As pistas de monte xa están feitas.

Respecto da praza de tractorista, di que cando se convocou a praza coincidiu coa incorporación do traballador que estaba de baixa e paralizouse o proceso. Cando se volva convocar vai ser moi difícil atopar un tractorista con esas características, para manipular unha rozadoira de brazo, porque hai moi poucos e os que hai xa están traballando en concellos. Están buscando posibles solucións, porque pode volver pasar en calquera momento.

Intervén dona Raquel Sangiao para dicir que a Deputación tamén ten este tipo de tractoristas, e ao mellor teñen unha lista de agarda á que acudir.

O Sr. Vázquez Martínez di que son empresas subcontratadas, non persoal da Deputación.

A Presidencia di que mesmo no mundo das cooperativas agrarias están tendo problemas para atopar condutores especializados de maquinaria agrícola.

Dona Beatriz Amenal apunta que cando iso sucede é porque é un traballo especializado e as administracións o que teñen que facer é ofrecer mellores condicións, estabilidade laboral etc. e seguro que aparecen candidatos ao posto.

3º.- Respecto ao informe por parroquias da porcentaxe de poboación de Vedra que ten servizo de abastecemento e saneamento, a Presidencia di que cando o teña xa llo pasará.

-- Ás preguntas do Sr. Pose Rodríguez, do BNG, a Presidencia contesta:



1º.- Respecto das tendas en liña, a Presidencia cédelle a palabra ao Sr. Caldelas González que di que na moción do BNG entende que o que propoñían era un hosting para aloxar webs de cada comercio e unha formación específica en programación de prestashop ou similar.

Cre que a web de “Hai Vedra” non é unha chapuza nin é un fracaso. Estase a promover e traballar para que pouco a pouco se vaian involucrando máis empresas e servizos.

Independentemente do que el entenda da moción do BNG, non ten problema en recoñecer que foi unha proposta do BNG. A plataforma xurdiu dun acordo dos tres grupos políticos e tiña como obxectivo facilitar a venda en liña das empresas e comercios do concello.

-- Ás preguntas de dona Yolanda Vieiro, do BNG, a Presidencia contesta:

1º.- Sobre a ampliación do Servizo de Axuda a domicilio, contesta que cre que non é exactamente así. Nese POS social extraordinario do 2020 van máis cousas có SAF.

Cando sacaron as bases, os concellos comunicáronlle á Deputación que se concedían 100.000 €, por exemplo, non ían ser capaces de xustificar máis de 50/60.000 €. a Deputación modificou as bases para que se puidera meter e xustificar a parte que en relación ao SAF dependencia, poñen os concellos para cubrir a totalidade de custes que se foron incrementando durante todos estes anos.

Relacionado con Vedra, cre que están preto das 40.000 horas anuais e a porcentaxe hora/poboación é das máis altas da comarca.

Realmente existe un problema mentres non incrementen o financiamento do custe da hora do SAF dependencia, que está en 9,70 €. Os concellos non van solicitar máis horas, sobre todo cando están no límite máximo. No momento en que suban esa porcentaxe poderase avanzar no incremento de horas.

2º.- Respecto a que se retiren os restos dos roces que se fagan nas marxes dos montes, di que toman nota.

-- O grupo do PSdeG-PSOE presentou unha serie de preguntas por escrito.

1º.- Respecto a cal é o nome da empresa ou empresas que están facendo as plantacións, a Presidencia di que iso todo está a nome de “Rectoral do Umia”, que pertence ao grupo Bodegas Gallegas.

2º.- Sobre se contan con todos os permisos-licencias para acometer esa actividade neste concello e se ten a empresa un plan de seguridade, a Presidencia di que é algo que agora mesmo están revisando en profundidade, que autorizacións sectoriais necesitan para as actuacións que fixeron, están facendo e van facer nun futuro e cales non. Cónstalle que teñen solicitadas autorizacións sectoriais a diversos organismos como Medio Rural ou Patrimonio Cultural.

Augas de Galicia díxolles que todo aquilo que está a máis de 100 metros dun regato non precisa autorización para as obras.

O BNG presentara en urbanismo por escrito se había licenzas de obra respecto a isto, e a Presidencia di que a empresa non solicitou licenza de obra no concello, pero como se trata dunha plantación, xurdiron unha serie de dúbidas.

O concello púxose en contacto coa APLU, e dixeron que para algunhas cousas pode ser necesaria a licenza do concello, pero para outras non, como por exemplo para unha



plantación onde cortan, manteñen a morfoloxía do terreo, poñen uns postes e fan a plantación. De todos os xeitos solicitaron á APLU o informe por escrito.

3º.- Respecto a que pensa facer o concello para protexer os intereses dos veciños e veciñas de Vilanova en particular e de Vedra en xeral e que isto non volva a suceder, a Presidencia di que o que pasou o Xoves Santo e moi grave. A Presidencia persoalmente, adquiriu un compromiso cos veciños de que o concello non ía parar ata atopar unha solución definitiva a este problema, pensando mesmo de cara ao futuro.

No primeiro día laborable despois do suceso, falou coa directora de Augas de Galicia e aos poucos días tivo unha reunión presencial con ela sobre este tema.

Tiveron varias reunións cos veciños afectados e coa asociación de veciños, os cales presentaron as correspondentes denuncias no xulgado e o concello presentouse no mesmo como prexudicado para poder ter acceso a toda a documentación e sobre todo ao informe da Garda Civil.

Tamén mantivo unha reunión cos propietarios da bodega e dos terreos e solicitóuselle que restituíran todos os danos, tanto particulares como públicos. Cónstalle que cos particulares xa teñen arranxando moitos deles.

Díxoselle que non podía volver ocorrer o mesmo de ningunha das maneiras. Cos criterios que marque Augas de Galicia teñen que facer as obras precisas para evitar que volva pasar nun futuro, e mesmo pensando en futuras ampliacións das plantacións. A solución ten que ser definitiva e executada no menor tempo posible.

Na reunión mantida entre os técnicos municipais, Augas de Galicia e os responsables da bodega acordouse que teñen que presentar un proxecto en canto ás escorras e verteduras co visto bo de Augas de Galicia e executalo antes do outono.

4º.- En relación ao patrimonio, a empresa ten solicitado os permisos en Patrimonio e están pendentes de que lles digan o que teñen que facer coas mámoas. Respecto á poza, que non está datada nin no PXOM nin no plan básico, solicita prudencia. Aparece unha inscrición que está feita polos propietarios hai uns dez anos. Pregunta se algún dos presentes falou co propietario da poza, porque o xornal El Correo Gallego si o fixo e confirmoulles que a inscrición a fixera o seu pai. Por este motivo pide prudencia a todos, aínda que isto non queira dicir que a poza non sexa antiga.

Na reunión cos propietarios da bodega, díxolles que esa poza está nunha esquina pegada á estrada e que van esperar polos informes arqueolóxicos de datación e clasificación da poza. Teñen o compromiso da bodega de que de momento non van facer nada nese lugar nin onde están as mámoas.

5º.- Sobre se hai previstas máis actuacións de este tipo no concello, di que cre que si vai haber máis plantacións no concello e van estar atentos a todo iso.

O concello non está en contra das bodegas, e cre que cambiar eucaliptos por viñedos é bo, que vai axudar a coidar o territorio, a xerar riqueza na zona, crear emprego e é unha actividade compatible co coidado do patrimonio cultural e natural. Isto non quere dicir que non teñan que cumprir con todas e cada unha das obrigas legais.



6.- Rogos e preguntas.

-- Dona Beatriz Amenal, do PSdeG-PSOE, pregunta:

1º.- Pregunta se con todas as explicacións que acaba de dar a Presidencia reconece que cometeu un erro. Por outro lado na explicación que deu fala de legalizar este tema, e pregunta como se estiveron a facer as cousas ata agora.

A Presidencia responde que non ten ningún problema, e así o fixo diante dos veciños. O concello ten a súa parte de responsabilidade neste tema e así o reconece, pero non se trata de mirar cara atrás, senón de atopar unha solución definitiva. Pediron licenzas a Patrimonio, Augas de Galicia di que para esa actuación non fai falta a licenza, por outro lado a APLU di que para determinadas actuacións non fai falta licenza de obra, etc. A súa obriga como Alcalde e tentar que non volva suceder.

2º.- Dona Beatriz Amenal di que o PSdeG-PSOE tampouco está en contra de cambiar eucaliptos por viñado, e que veñan empresas a crear postos de traballo debería ser unha riqueza para o concello e non unha serie de problemas como os que aconteceron, que foron moi graves e puideron selo máis.

Cre que o concello debería coñecer os procedementos que hai que seguir neste caso concreto.

Solicita que sexan informados de todo o proceso e de todo o que necesitan este tipo de explotacións.

3º.- Na última Xunta de Goberno Local, no último punto da mesma aprobouse un convenio de colaboración entre a Xunta de Galicia e o concello para as axudas ao sector da hostalería.

O concello ten que poñer 21.000 €, e van ser 1.000 € para cada establecemento e non figuran os establecementos.

Esta axuda que vai dar a Xunta de Galicia para a hostalería, a Xunta propón que o concello poña 21.000 €, pero en ningún sitio di canto vai chegar ela. No acordo pon “ a chega realizárase con carácter voluntario do seguinte xeito: mediante a detracción por parte da Xunta das súas transferencias do Fondo de Compensación Local”. É dicir, que o concello achega uns cartos a ese fondo e entón a Xunta ao final non pon nada.

A Presidencia responde que na negociación entre os concellos e a Xunta, esta saca a súa propia liña de subvencións para a hostalería, podendo darlle a un hostaleiro de Vedra, 1000 ou 2000 €. Son cartos da Xunta, das axudas que saca a Xunta.

Os concellos á hora de sacar as súas propias subvencións tiñan dous problemas, un de xestión e outro de que non se quería entrar en competencia uns concellos con outros, e decidiuse entre todos unha cifra unitaria para os concellos de 1.000 €. É unha axuda do concello, non da Xunta.

Na reunión da dos concellos coa Xunta chegouse a dous acordos:

1º.- Que dentro da convocatoria da Xunta os concellos tiñan a opción de sumarse a ela ou non. É dicir, que a Xunta tramite aos 21 establecementos hostaleiros de Vedra que solicitaron as axudas, dos que xa ten a Xunta a documentación, que ademais do concedido pola Xunta, teñan unha axuda por importe de 1.000 € do concello de Vedra. Evidentemente o concello ten que pagar eses 1.000 € á Xunta.



2º.- Na convocatoria da Xunta hai unha serie de cartos que poden chegar para todos os establecementos do concello ou non. É dicir, que se por exemplo cen establecementos solicitan a axuda da Xunta, e esta ten para 60, 40 deles quedan fora. Os concellos podían escoller se os 1.000 € se lle daban aos 100 establecementos ou os 1.000 € se lle daban só aos que quedaban fóra da axuda da Xunta. No concello de Vedra hai 21 solicitudes e o grupo de goberno tomou a decisión de achegar os 21.000 € e por tanto dar unha axuda de 1.000 € a todos os solicitantes de Vedra.

A Xunta adiántalles eses cartos aos establecementos hostaleiros, e logo descóntallos ao concello do Fondo de Compensación Local.

Dona Beatriz Amenal, do PSdeG-PSOE, di que hai 21 establecementos hostaleiros de Vedra adheridos ás axudas da Xunta, seguen sen saber canto vai supoñer a achega que vai poñer a Xunta no concello de Vedra para este tipo de axudas.

A Presidencia responde que xa llo comunican despois, pero cre que é arredor de 40/50 mil euros.

Pregunta dona Beatriz Amenal se aos establecementos lle vai chegar que unha parte da axuda a pon a Xunta e outra parte o concello. Por outro lado seguen sen saber canto lle toca a cada establecemento.

A Presidencia di que no seguinte pleno facilitaralles as cifras todas e a relación de establecementos de Vedra. Son establecementos que están en Vedra, ese foi un dos problemas das axudas da Deputación, que colleu o domicilio fiscal e prestóuselle a axuda a xente de Vedra que tiña negocios fóra do termo municipal.

-- Dona Raquel Sangiao, do PSdeG-PSOE, pregunta:

1º.- Teñen queixas de veciños de San Mamede sobre o estado das pistas e a falta de roces nas mesmas. Solicita que o arranxen.

2º.- Na pista do Burgo en Vedra só se fixo un recheo nunha parte. Solicita que se faga na totalidade da pista.

3º.- Solicita a posta a punto dunha zona de Vilanova, na zona da canteira e dos viñedos, xa que está rota a varanda da ponte e hai sinais tirados.

4º.- Cónstalles unha publicación do xornal El Correo Gallego de que se van dixitalizar as oficinas de correos rurais. Pregunta se Vedra vai ser unha delas.

5º.- Pregunta que fan cos cans recollidos antes de levalos ao refuxio de Bando.

6º.- Pregunta como vai a vacinación contra a COVID entre os veciños de Vedra.

7º.- Pregunta quen é o actual responsable do punto limpo, se é o mesmo que ao principio da lexislatura. De non ser así, quere saber cal foi o motivo do cambio.

8º.- Na última Xunta de Goberno falouse dunha senda peonil en Tomonde. Pregunta onde vai ser.



9º.- Solicita a posta a punto das áreas recreativas do concello de cara á tempada de primavera e verán.

10.- Pregunta cando vai abrir a piscina municipal de Vedra.

11.- Quere saber cal é a taxa de uso da web “Hai Vedra”, cantas vendas se produciron e se se pode facer publicación máis alá do ámbito local para atraer veciños doutros concellos.

12.- Respectando a Lei de protección de datos, quere ter coñecemento das diferentes axudas económicas que se concederon no departamento de Servizos Sociais.

13.- Solicita a publicidade no boletín de información municipal da reactivación do servizo telefónico de información á atención sobre os dereitos das mulleres, 900 191 010 de luns a venres de 9:00 a 20:00 horas e os sábados de 9:00 a 14:00 horas.

14.- Nas últimas Xuntas de Goberno aparece o pagamento por parte do concello do alugamento da carpa COVID do centro de saúde de Vedra, aproveita para solicitar información sobre como está o tema do traspaso do centro de saúde ao SERGAS.

15.- Solicita a desagregación das xornadas cobradas polos membros do equipo de goberno.

16.- Solicita coñecer a inversión en euros feita nas parroquias do concello dende o 2015 ata o remate 2020.

17.- Na páxina web municipal falta o boletín de xaneiro e febreiro. Solicita que os suban.

18.- Respecto do que pasa cos viñedos en Vilanova, quere apuntar que repasando as Xuntas de Goberno non constan licenzas nin comunicacións previas relacionadas con todos os movementos de terra que se fixeron, e en cambio un veciño para limpar ou pintar unha fachada está obrigado a presentar unha comunicación previa. Non ten lóxica.

-- O Sr. Carlos Cutrín, do PSdeG-PSOE, pregunta:

1º.- Solicita coñecer en que se investiron os cartos que xerou a corta dos pinos na leira que está en fronte da gardería. Solicita que os cartos que se xeran na parroquia se invistan na parroquia.

-- O Sr. Pose Rodríguez, do BNG, pregunta:

1º.- Pregunta se pasou algo coa depuradora de Bazar e se existe unha denuncia cruzada entre a empresa Espina y Delfin e o concello.

2º.- Pregunta se é certo que a Garda Civil denunciou ao concello por usar maquinaria con gasóleo agrícola.



3º.- Sobre as obras respecto dos viñedos, o BNG presentou unha proposta por rexistro. Solicita que a analicen con calma.

Parece ser que houbo contaminación de augas freáticas e que algunha veciña tivo que ir ao hospital por este tema. Recórdalle que son os responsables da seguridade sanitaria dos veciños, independentemente de que queiran ser protexidos ou non.

Solicita que revisen e analicen os acuíferos da zona.

4º.- Sobre a máquina de asfaltado que deseñou o concello, recórdalles que se non ten a marca CE e se non está de acordo co Real Decreto 1215, non se pode utilizar. Se o están facendo, están a incumprir a Lei de prevención de riscos laborais de 1995 e o Real Decreto 1627 de condicións mínimas de obras.

5º.- Respecto ao tema das inmatriculacións, existe un listado público en internet. Suxire que poñan na web municipal un enlace ao facebook do BNG e xa o sube o BNG.

-- Dona Yolanda Vieiro, do BNG, pregunta:

1º.- En canto aos pregos do SAF, cando se aprobaron os anteriores, dixeron que as melloras das condicións aprobadas non viñan recollidos neles porque xa se ían implementar coa empresa actual. En cambio ás traballadoras díxoselle que non se poden implementar esas melloras nas condicións ata que saia a nova concesión. Pregunta que vai pasar con esas melloras que se ían implementar no 2021.

2º.- Respecto ao valor patrimonial de Vilanova, tivo a sorte de poder visitalo con Enrique Neira e cun membro do colectivo A Rula con gran bagaxe nestes temas, e dixeron que esa inscrición era unha copia doutro orixinal ou era a orixinal desa data. Ten unha tipografía moi semellante, case idéntica, á que ten a Capela do Santiaguíño.

Tamén visitaron as mámoas da zona. A mámoa das Quenllas está bastante aplanada porque parece ser que a maquinaria pesada pasoulle por encima e iso non se pode permitir.

Solicita que balicen todos aqueles bens patrimoniais que hai no concello, que se cataloguen aqueles que non estean catalogados. Cando se saiba que vai haber obras nos arredores deses lugares, solicita que se faga un seguimento para que non suceda o que aconteceu desta vez.

3º.- Solicita o acceso á base de datos do arquivo histórico.

Conclúe ao fío das vinte e dúas horas e corenta e cinco minutos.